

Unha gran epidemia

Galicia sempre foi un territorio de emigración, pero cada vez está máis baleira. Porén, non me refiro ó motivo que potenciaba ó pobo galego nos séculos anteriores; senón que malia que seguen residindo aquí abandonan o que realmente somos e o que nos diferencia. Ó que aludo é o feito de que os galegos e galegas rematan por rexeitar o noso idioma, maioritariamente porque vénse na obriga. Pero, dende o meu punto de vista, a lingua galega non é un simple vehículo de comunicación. O galego é o noso tesouro, un selo de identidade, unha xoia prezada de valor incalculable que nos chegou a nós a xeito de agasallo. Porén, a maioría non o aprecia, non aprecia o que hai arredor dun século algunhas persoas marabillosas, como Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal, que loitaron por que perdurara e chegase aos nós. Malia seren tempos moi difíciles, impulsaron o galego cara arriba para que saíra da escuridade. Entón, por que somos incapaces de valorar o que temos?

Por outra parte, por que temos que abandonar o uso do galego para empregar outra lingua? Por que temos que avergoñarnos dela ou temos que ser discriminados? Aínda que para algúns parecer que é una situación inverosímil, aconteceu de verdade. Unha muller foi despedida do seu traballo por falar a súa lingua, o galego, estando en Galiza. É unha situación inaceptable porque todos estamos no noso dereito de comunicarnos nela. Ademais, o pobo galego sempre somos cualificados como xente ruda e menos culta por empregalo. É unha situación moi inxusta. É ese o principal motivo polo cal o galego estivo en decadencia estes últimos anos.

Afortunadamente, aínda queda un fío de esperanza, xa que se están a tomar medidas para que esta situación non se agrave e, sobre todo, que ninguén teña que pasar polo que sufriu esta pobre muller mencionada anteriormente.

Por outro lado, hai que destacar que o problema non está tan só na poboación xove; senón que é sobre todo na idade adulta onde máis se aguda está discriminación e, polo tanto, son as persoas que máis deixan de falalo para empregar, fundamentalmente, o castelán.

Finalmente, gustaríame tan só facer un chamamento a que todas as persoas, de todas as idades, traten de falar ese ben prezado co que contamos.